



Foto: **Modesto Hermida**, escritor galego e amigo de ogalego.eu
ogalego.eu // ogalego.gal son [Vitoria Ogando Valcárcel](#) e [Anxo González Guerra](#)

Catedráticos de Lingua Galega e Lit. xubilados

LINGUA GALEGA E LITERATURA: 2º BACHARELATO

ABAU, Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade

[Ver o exame-proposta da Comisión para 2022](#)

Estrutura do exame de ABAU en Lingua Galega e Literatura no curso 2021-2022

O exame consta de **6 preguntas de 2,5 puntos cada unha**, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 4**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as CATRO primeiras respondidas**.

****TEXTO DE INICIO** (literario ou xornalístico)

**** PREGUNTA 1. Comprensión do texto. (2,5 puntos)**

Tres preguntas sobre:

1.: Resumo / esquema / ideas principais e secundarias / intención comunicativa / tema.

-Axuda para o punto 1.

2.: Recoñecemento de elementos cohesivos. Definición de palabras ou explicación de expresións tiradas do texto.

-Práctica de definicións ABAU.

**** PREGUNTA 2. Producción textual.**

Redacte un texto no que exprese a súa opinión sobre... / Redacte un texto expositivo no que dea información sobre... (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

-Axuda para a pregunta 2

**** PREGUNTA 3. Funcionamento da lingua.**

Preguntarase a gramática sempre en contexto, é dicir, sobre elementos do texto de inicio. Esta pregunta constará de **tres apartados**, que tratarán sobre:

1- Sintaxe:

- Documento de axuda para **sintaxe**
- Preguntas de sintaxe nos últimos exames das ABAU
- Exercicios de sintaxe para ABAU

2- Morfoloxía:

- Documento de axuda para **morfoloxía**
- Preguntas de morfoloxía nos últimos exames das ABAU
- Exercicios de axuda para morfoloxía
- Documento de axuda para **formación de palabras**
- Práctica para a formación de palabras

3- Semántica:

- Documento de axuda para **semántica**
- Preguntas de semántica nos últimos exames das ABAU
- Práctica 1 para semántica
- Práctica 2 para semántica

4- Fonética e fonoloxía:

- Documento de axuda para **fonética e fonoloxía**
- Preguntas de fonética e fonoloxía nos últimos exames das ABAU
- Práctica de fonética e fonoloxía

5- Dialectoloxía:

- Documento de axuda para **dialectoloxía**
- Práctica de dialectoloxía e preguntas en exames ABAU

Cada un dos apartados do exame estará referido a unha disciplina distinta. Por exemplo: 3.1. morfoloxía, 3.2. semántica 3.3. dialectoloxía...
(2,5 puntos).

**** PREGUNTA 4. Lingua e sociedade.**

A escoller entre 2 opcións

O alumnado debe ser quen de aplicar os conceptos teóricos aprendidos neste bloque á análise dun estímulo, que pode ser unha viñeta, un texto breve, un gráfico etc. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)

Preparación teórica:

- 1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.**
- 2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.**
- 3. O galego, lingua en vías de normalización.**
- 4. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.**
- 5. O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.**

6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

**** PREGUNTA 5. Educación literaria.**

Esta pregunta parte dun breve texto literario (narrativo, poético ou teatral), sobre o que o alumnado debe analizar algunhas características representativas do seu autor ou autora. Ademais, preguntaremos tamén por algunha información teórica con respecto a ese mesmo período (contextualización, outros autores ou autoras da época e algunha das súas obras etc.). (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

Sempre se facilitará a información sobre o autor/a do texto, así como o título e ano de publicación da obra da que estea extraído.

Preparación teórica:

1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.

2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

3. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

5.- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

6.- A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

7.- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

8.- O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.

10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

** PREGUNTA 6. Educación literaria.

O mesmo que a 5 (2,5 puntos)

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Ademais dos contidos de cada pregunta, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, que se aplicará a todas as preguntas, excepto a 2, na que xa está incluída na súa puntuación. Polo tanto, sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes

poderán ser:

—Moi graves: Desconto 0'2 puntos c/u. Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).

—Graves: Desconto 0'1 puntos c/u. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

—Leves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas.



Exames anteriores a 2022 na ABAU, Lingua Galega e Literatura

ogalego.eu	Índice de Exercicios de lingua galega	Pseudónimos galegos
2005-2021	Anxo González Guerra , Vitoria Ogando Valcárcel	Suxestións: ogalego@galicia.com



ogalego.eu/ogalego.gal ten unha licenza Creative Commons [Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacional](#).